



| Guía Docente          |   |                    |                      |           |
|-----------------------|---|--------------------|----------------------|-----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                      | 2023/24   |
| Asignatura (*)        | Atención á diversidade: aspectos didácticos e organizativos   |                    | Código               | 652G02038 |
| Titulación            | Grao en Educación Primaria  |                    |                      |           |
| Descritores           |   |                    |                      |           |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                 | Créditos  |
| Grao                  | 2º cuatrimestre   | Cuarto             | Optativa             | 4.5       |
| Idioma                | Galego  |                    |                      |           |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                      |           |
| Prerrequisitos        |   |                    |                      |           |
| Departamento          | Pedagogía e Didáctica   |                    |                      |           |
| Coordinación          | Castro Rodríguez, Mª Montserrat   | Correo electrónico | maria.castror@udc.es |           |
| Profesorado           | Castro Rodríguez, Mª Montserrat   | Correo electrónico | maria.castror@udc.es |           |
| Web                   | Www.udc.gal   |                    |                      |           |
| Descrición xeral      | <p>Esta materia ten como obxectivo que o futuro profesorado adquiera competencias que lle permitan identificar e planificar a súa práctica educativa dende a perspectiva de atención á diversidade de necesidades, potencialidades, intereses individuais e colectivos de TODO O ALUMNADO, dende unha perspectiva do Deseño Universal de Aprendizaxe. Enténdese a diversidade como unha oportunidade de aprendizaxe. Por este motivo, é necesario identificar os elementos didácticos e organizativos que poden confluír no desenvolvemento de unha proposta pedagóxica. A partir de aí, trátase de buscar, analizar, utilizar metodoloxías, estratexias didácticas máis axeitadas a cada persoa, colectivo e contexto educativo, así como organizar ditos elementos didácticos para que todo o alumnado poida aprender conxuntamente de acordo coas súas características e condicións.</p> <p>Esta materia ten como lingua vincular o galego. Os materiais e lecturas proporcionaranse en galego e tamén os haberá en cautelan. Ademais participamos no programa English Friendly e se algunha persoa desexa ter a bibliografía en inglés, tamén se lle proporcionará.</p> |                    |                      |           |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A3                                  | Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e identificar disfuncións.   |
| A4                                  | Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento.  |
| A6                                  | Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.  |
| A11                                 | Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.   |
| A20                                 | Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas.   |
| B16                                 | Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.  |
| B17                                 | Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo.  |
| B21                                 | CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B22                                 | CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo   |
| B23                                 | CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética  |
| B24                                 | CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado  |
| B25                                 | CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía  |



|    |  |
|----|--|
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
|----|--|

| Resultados da aprendizaxe   |                                     |   |    |
|---|-------------------------------------|---|----|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título |   |    |
| A3 Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e identificar disfuncións.   | A3<br>A4<br>A6<br>A11<br>A20        | B16<br>B17<br>B21<br>B22<br>B23<br>B24<br>B25 | C4 |
| A4 Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento.  | A4                                  |   |    |
| A6 Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.  | A6                                  |   |    |
| A11 Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.  | A11                                 |   |    |
| A20 Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas.  | A20                                 |   |    |
| B16 Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.   |                                     | B16   |    |
| B17 Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo.   |                                     | B17   |    |
| B21. Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |                                     | B21   |    |
| B22. Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo   |                                     | B22   |    |
| B23 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética   |                                     | B23   |    |
| B24 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado   |                                     | B24   |    |
| b 25 Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía  |                                     | B25   |    |
| C4 Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.   |                                     | B24   | C4 |

| Contidos   |  |
|--|--|
| Temas  | Subtemas   |
| 1A atención á diversidade na educación Primaria                                  | -Concepto<br>-Modelos<br>-Evolución<br>-Principios   |
| 2.Necesidades educativas específicas asociadas á diversidade da condición humana | Respostas do Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA), -Necesidades e asociadas á diversidade intelectual, sensorial, motórica, trastornos de hiperatividade ou autismo, cultural, de procedencia, identidade de xénero e sexualidade, de estilos de aprendizaxe, crenzas: metodoloxías, tempos, espazos, tarefas e actividades |



|  |   |
|--|---|
| 3. Medidas curriculares de resposta á diversidade  | <ul style="list-style-type: none"> <li>-Organización dunha práctica educativa na vida e para a vida, usando os recursos e materiais do entorno.</li> <li>-As adaptacións curriculares e reforzos dende o DUA</li> <li>-Modelos para promover a equidade como estratexia para a procura dunha escola equitativa</li> </ul> |
| 4. Medidas organizativas de resposta á diversidade | <ul style="list-style-type: none"> <li>-Modelos e organización dos apoios educativos. A parella profesional</li> <li>-O rol transversal do DO para o deseño dun proxecto e dunha práctica educativa universal</li> <li>-Identificación de barreiras que introducen sesgos que orixina segregación</li> </ul>              |

| Planificación                         |                           |   |                         |              |
|---------------------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas                 | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais                  | B21                       | 1                                       | 1                       | 2            |
| Discusión dirixida                    | A3 A6 B16 B17 B23<br>C4   | 5                                       | 0                       | 5            |
| Estudo de casos                       | A3 A4 A20 B16 B17<br>B22  | 5                                       | 17                      | 22           |
| Lecturas                              | A3 B23 C4                 | 3                                       | 10                      | 13           |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | B16 B22 B24 B25           | 3                                       | 6                       | 9            |
| Sesión maxistral                      | B16 B17 B21               | 4                                       | 5                       | 9            |
| Traballos tutelados                   | A3 A4 A6 A11 A20<br>B16   | 3                                       | 12.5                    | 15.5         |
| Proba práctica                        | A6 A4 B22 B16 C4          | 3                                       | 10                      | 13           |
| Aprendizaxe colaborativa              | A4 A11 B16 B17 B23<br>C4  | 5                                       | 15                      | 20           |
| Atención personalizada                |                           | 4                                       | 0                       | 4            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                          |   |
|---------------------------------------|---|
| Metodoloxías                          | Descrición  |
| Actividades iniciais                  | A principios do cuatrimestre cada estudante terá que describir unha experiencia, situación, reflexión sobre situacións vividas no practica con alumnado, profesorado e/ou familias. As experiencias agruparan nun documento compartido por toda á clase. Estas experiencias que estarán relacionados cos temas da materia servirán para traballar con elas nas clases é para a elaboración do traballo de investigación e os traballos tutelados.   |
| Discusión dirixida                    | Trátase de intercambiar razoamentos e elaborar un pensamento propio sobre os temas traballados  |
| Estudo de casos                       | Cada estudante ou grupo de estudantes seleccionará unha situación de ensino-aprendizaxe real que terá que describir, analizar e interpretar, e finalmente proporcionará pautas e orientacións para realizar promover unha educación inclusiva para todos e todas. O obxectivo desta actividade é que cada estudante sexa capaz de identificar variables, realizar hipóteses, etc que lle axuden a comprender qué está ocorrendo na aula. O alumnado conta con unha guía de análise de casos, que consta de tres apartados: identificación dos trazos significativos da situación, realización de hipóteses que axuden a explicar que pode estar ocorrendo nese e contexto e proporcionará suxerencias para o traballo na aula co obxectivo de superar esa situación. ESTAMOS EN PROCESO DE NEGOCIACIÓN, PARA INTENTAR QUE ESTA MATERIA POIDA DESENVOLVERSE A TRAVÉS DUN APS, POLO QUE ESTAS ACTIVIDADES PODERÍAN REALIZARSE DENTRO DEL. |
| Lecturas                              | Indicaranse na aula as que teñen carácter obrigatorio e as que teñen un carácter opcional   |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Trátase de aproveitar os distintos recursos da universidade e doutras institucións ou agrupacións de carácter cultural, educativo, en relación cos contidos e competencias da materia.  |
| Sesión maxistral                      | Realízase ao inicio de cada unidade temática, ou cando através do seguimento do traballo de aula e individual, se perciba a necesidade de aclarar ou introducir conceptos esenciais ou novidosos  |



|                          |  |
|--------------------------|--|
| Traballos tutelados      | Os traballos realizaranse na aula maioritariamente e forma parte da avaliación continua. O alumnado ao longo do cuatrimestre terá que realizar cinco tarefas que servirán para a avaliación continua. Será un traballo en equipo, que non superen os cinco membros. Cada equipo terá que facer unha proposta de intervención contextualiza nunha aula ordinaria concreta que se definirá explicará detalladamente. Cada equipo terá que realizar unha proposta de intervención para dita aula ordinaria. A proposta didáctica farase dende unha perspectiva de atención á diversidade inclusiva, baseada no Deseño Universal de Aprendizaxe. Cada equipo exporá a súa proposta. ESTAMOS EN PROCESO DE NEGOCIACIÓN, PARA INTENTAR QUE ESTA MATERIA POIDA DESENVOLVERSE A TRAVÉS DUN APS, POLO QUE ESTAS ACTIVIDADES PODERÍAN REALIZARSE DENTRO DEL. |
| Proba práctica           | Esta actividade realízase en equipo. Ao alumnado propónselle un caso prácticos dos propostos polo propio alumnado e terán que analizar as posibles hipóteses do que sucede nesa situación, que obstáculos se detectan e que dificultan que todo a alumnado poida compartir unha experiencia de aprendizaxe exitosa para todas as persoas que integran a aula. Analizarase a capacidade do equipo para detectar o que ocorre, as estratexias e propostas que realizan para superar os problemas que caracterizan esa situación.   |
| Aprendizaxe colaborativa | A aprendizaxe colaborativa será a constante da materia. Os traballos tutelados e a proba práctica realizaranse en equipo e, quen o considere, tamén poderá realizar o estudo de caso. Os equipos darán unha avaliación interna do seu grao de funcionamento e da implicación no seguimento da materia.   |

## Atención personalizada

| Metodoloxías                           | Descrición  |
|--|---|
| Estudo de casos<br>Traballos tutelados | <p>Tanto o estudo de caso como a simulación dunha situación real de aula, esixe un traballo moi personalizado, por este motivo, o alumnado recibirá individual ou colectivamente a atención da profesora da materia. A atención personalizada farase mediante as titorías pero tamén na aula ordinaria, pois a metodoloxía de traballo baséase nas necesidades e demandas individuais e grupáis. Nesta supervisión solventarase as dúbidas que poidan presentarse e daranse indicacións sobre as diversas fases de elaboración dos traballos propostos.</p> <p>Os traballos en equipo terán que realizar distintas tutorías coa profesora para deseñar as propostas.</p> <p>O alumnado que teña dispensa académica ou a tempo parcial, desde a primeira semana, establecerase un calendario de xuntanzas para levar a cabo o seguimento da materia.</p> |

## Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
|--------------|---------------------------|------------|---------------|



|                          |                          |  |    |
|--------------------------|--------------------------|--|----|
| Estudo de casos          | A3 A4 A20 B16 B17<br>B22 | <p>Cada estudante individual ou grupo de estudantes seleccionará unha situación real que terá que describir, analizar e interpretar, e finalmente proporcionará pautas e orientacións para realizar promover unha educación inclusiva para todos e todas. O traballo terá unha extensión máxima de 5000 palabras. Os criterios de avaliación son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Descrición e identificación da información necesaria para realizar un informe do alumnado completo e adecuado a cada situación.</li><li>-Hipóteses que poidan contribuir a explicar e entender mellor que pode estar ocorrendo nesa aula para que se xenere esa situación.</li><li>-Pautas para implementar nese contexto específico de aula ordinaria para promover unha escola inclusivo para todos e todas</li><li>-Emprego de bibliografía inclusiva</li><li>-Valorarase positivamente a integración con carácter transversal a inclusión da análise e intervención dende unha perspectiva ecosistémica que integre a perspectiva de xénero, de sustentabilidade e lingüística, que se explicará detalladamente na clase.</li><li>-Uso de lenguaje inclusiva</li></ul>  | 20 |
| Traballos tutelados      | A3 A4 A6 A11 A20<br>B16  | <p>Os traballos tutelados realizaranse maioritariamente dentro do horario lectivo da materia. Formará parte da avaliación continua. Cada equipo subirá 4 tarefas durante o cuatrimestre. Os traballos consistirán en:</p> <p>deseño dunha aula ordinaria ordinaria accesible para a mobilidade e para o acceso ao coñecemento, realización do perfil de estudantes de EP que poderían estar na aula (algúns dos cales poden ser os mesmos do proxecto de investigación). Finalmente o equipo deseñará unha proposta de intervención ou pautas orientadas á selección de obxectivos, contidos, metodoloxía, estratexias de intervención, recursos e materiais, avaliación, etc que respondan ás distintas necesidades do todo o alumnado da aula.</p> <p>Criterios de avaliación:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Formulación de obxectivos acordes coas características dunha aula na que se pretende dar resposta á diversidade desde unha perspectiva inclusiva. (10%)</li><li>2. Selección e xustificación da metodoloxía, recursos e materiais, avaliación e todas as medidas necesarias para abordar a diversidade desa aula específica. (10%)</li><li>3. Propostas e directrices para adoptar na aula para superar situacións de discriminación, exclusión e para facilitar a cohesión e a convivencia na aula. (10%)</li><li>4. Uso da bibliografía inclusiva (10%)</li><li>5. Exposición oral (10%)</li></ol> | 40 |
| Aprendizaxe colaborativa | A4 A11 B16 B17 B23<br>C4 | <p>A aprendizaxe colaborativa será a constante da materia. Os traballos tutelados e a proba práctica realizaranse en equipo e, quen o considere, tamén poderá realizar o estudo de caso. Os equipos darán unha avaliación interna do seu grao de funcionamento e da implicación no seguimento da materia.</p>  | 10 |
| Proba práctica           | A6 A4 B22 B16 C4         | <p>Esta actividade realízase en equipo. Ao alumnado propónselle un caso prácticos dos propostos polo propio alumnado e terán que analizar as posibles hipóteses do que sucede nesa situación, que obstáculos se detectan e que dificultan que todo o alumnado poida compartir unha experiencia de aprendizaxe exitosa para todas as persoas que integran a aula. Analizarase a capacidade do equipo para detectar o que ocorre, as estratexias e propostas que realizan para superar os problemas que caracterizan esa situación.</p>  | 30 |

Observacións avaliación



A modalidade de avaliación será a mesma para o todo o alumnado e para as dúas convocatorias (maio e xuño). P

O alumnado con recoñecemento oficial de adicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, deberá solicitar unha titoría para programar as sesións interactivas e expositivas nas que non puidera participar co fin de planificar os traballos. O alumnado non asistente (que non asista a un 80% das clases por motivos xustificadas), realizará os mesmos traballos que o asistente, pero con adaptación que afectan aos traballos tutelados e as probas prácticas. Este alumnado poderá traballar en equipo (neste caso tamén terá a posibilidade de ser avaliada na opción de aprendizaxe colaborativa). A proba práctica pode ser realizada en equipo ou individualmente. No caso de non traballar en equipo, o 10% da avaliación engarriase á proba práctica que pasará a ser o 40% da cualificación.

Os traballos presentaranse en formato dixital no campus virtual na tarefa deseñada para tal fin.

"A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario"

No caso de poder implementar un APs, ambas actividades poderán realizarse dentro dese marco.

Fontes de información



## Bibliografía básica

- Abalo Quintela, J. E. (2017). O ROL DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO NOS TRASTORNOS DA CONDUCTA. INNOVACIÓN EDUCATIVA
- Ainscow (2011). Respondiendo al desafío de la equidad en los sistemas educativos. Revista de Pedagogía de la Universidad de Salamanca
- Almazán, L.; Colmenero, M.J.; Ortíz, A (2002). Organización y atención a la diversidad en los centros educativos. Aula de Encuentro
- Alba Pastor, C, Sánchez, J., & Zubillaga, A (2014). Diseño Universal para el Aprendizaje (DUA) Pautas para su introducción en el curríc. Pastor, C. A., Sánchez, J., & Zubillaga, A
- Barreiro González, M.P. (2009). Resposta dos centros educativos á diversidade. Revista Galega de Educación
- Bonilla-del-Río, M., & Sánchez-Calero, M. L (2022). Inclusión educativa en tiempos de COVID-19: Uso de redes sociales en personas con discapacidad intelectual. RIED-Revista Iberoamericana De Educación a Distancia
- Booth, T. & Ainscow, M. (2002). GUÍA PARA LA EVALUACIÓN Y MEJORA DE LA EDUCACIÓN INCLUSIVA.. [https://sid-inico.usal.es/idocs/F8/FDO21426/guia\\_para\\_la\\_evaluacion\\_y\\_mejora.pdf](https://sid-inico.usal.es/idocs/F8/FDO21426/guia_para_la_evaluacion_y_mejora.pdf)
- Castaño Calle, R. (2011). Las adaptaciones curriculares y otras medidas de carácter general en el contexto de la LOE respecto a la diversidad de los alumnos. Hekademos
- Cidoncha, V. (2008). Materiales generales y específicos para los alumnos con necesidades educativas especiales. Educación y Futuro digital
- Crisol Moya, Martínez Moya, El Homrani (2015). El aula inclusiva. Condiciones didáctica y organizativas.. Revista nacional e internacional de educación inclusiva ISSN (impreso): 1889-4208.
- CRTOADI TOMELLOSO (2009). Medidas organizativas y curriculares de atención a la diversidad desde una perspectiva inclusiva. CRTOADI TOMELLOSO. [https://sosprofes.es/wp-content/uploads/2020/08/medidas\\_escuelainclusiva.pdf](https://sosprofes.es/wp-content/uploads/2020/08/medidas_escuelainclusiva.pdf)
- European Agency for Development in Special Needs Education (2012). Welcome to the European Agency for Special Needs and Inclusive Education website!. <https://www.european-agency.org>
- European Agency for Development in Special Needs Education (2017). RAISING THE ACHIEVEMENT OF ALL LEARNERS A Resource to Support Self-Review. [https://www.european-agency.org/sites/default/files/raising\\_achievement\\_self-review.pdf](https://www.european-agency.org/sites/default/files/raising_achievement_self-review.pdf)
- Gobierno Vasco (d/d). ORIENTACIONES PARA EL TRATAMIENTO DE LA DIVERSIDAD EN EDUCACIÓN PRIMARIA . [http://www.hezkuntza.ejgv.euskadi.eus/contenidos/informacion/dig\\_publicaciones\\_innovacion/es\\_diversi](http://www.hezkuntza.ejgv.euskadi.eus/contenidos/informacion/dig_publicaciones_innovacion/es_diversi)
- Gobierno Vasco (2015). Guía de atención integral a las personas en situaciones de transexualidad. <http://www.sis.net/documentos/ficha/514165.pdf>
- González Fontao, M.P. e Martínez Suárez, E.M. (2010). Una medida innovadora para la atención a la diversidad. La adaptación curricular por competencias. Innovación Educativa
- González-Gil, F. (2011). Inclusión y atención al alumnado con necesidades educativas especiales en España. CEE Participación Educativa, 18, noviembre 2011, pp. 60-78
- González-Peiteado, M. e Martínez Geijo, P. (2016). (2016). Los estilos de enseñanza: construyendo puentes para transitar las diferencias individuales del alumnado. Revista Complutense de Educación
- Grau Rubio, C. e Fernández Hawrylak, M. (2008). La atención a la diversidad y las adaptaciones curriculares en la normativa española. Revista Iberoamericana de Educación, Revista Iberoamericana de Educación Boletín RIE digit@ 46/3
- Leiva Olivencia, J.J. (2010). Práctica de la interculturalidad desde la perspectiva docente: análisis y propuestas pedagógicas. C&E. Cultura y Educación
- Peirats Chacón, J. & Marín Suelves, D. (2018). Las medidas organizativas y curriculares en las necesidades específicas de apoyo educativo. Marín & Fajardo (2018). Intervención psicoeducativa en alumnado con necesidades específicas de
- Moya Maya, A (2012). El profesorado de apoyo en los centros ordinarios. Nuevas funciones, nuevas contradicciones. Educatio siglo XXI: Revista de a Facultad de Educación
- Pardo Baldoví et ali (2022). Prácticas docentes en la escuela digital: la inclusión como reto. RELATEC - Revista Latinoamericana de Tecnología Educativa
- PÉREZ DÍEZ, L. y C. JIMÉNEZ FERNÁNDEZ (2018). Influencia de la organización escolar en la educación de

los alumnos de altas capacidades. Enseñanza & Teaching

- Pérez Galán, R. (2009). Los nuevos retos del aprendizaje social en niños con necesidades educativas especiales. El aprendizaje en comunidad o la comunidad de aprendizaje en el aula. Revista de Educación
  - Saiz Fernández, H., Morote Blanco, D., Vidal Esteve, I., Gallardo Fernández, I. (2016). Los espacios inclusivos de encuentro y el Modelo de Apoyos. Libro de Actas del XVI Congreso Nacional y VII Congreso Iberoamericano de Pedagogía: Democracia y Ed
  - San Martín Ulloa, C. (2017). ¿Dónde y cuándo proporcionar apoyos pedagógicos para facilitar los procesos de inclusión?. <http://www.repositoriocdpd.net:8080/handle/123456789/1914>
  - Sanahuja, A., Borri-Sanahuja, A., Borri-Anadon, C. y De Angelis, C (2022). Prácticas inclusivas en el contexto escolar: una mirada sobre tres experiencias internacionales. Revista Iberoamericana de Educación
  - Torres, J.A. e Fernández Batanero, J.Mª (2015). Promoviendo escuelas inclusivas: análisis de las percepciones del profesorado desde unha perspectiva organizativa, curricular y de desarrollo profesional.. Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado,
  - Trujillo Sáez, F. & Ariza Pérez (2006). Experiencias Educativas en Aprendizaje Cooperativo. Grupo Editorial Universitario
  - Núñez Mayen, M.T. (2019). El estancamiento de la inclusión educativa del alumnado con discapacidad. Revisión de su escolarización entre 1985 y 2015.. Revista Nacional e Internacional de Educación Inclusiva
  - Caamaño Liñares, T. et ali (2022). Lo que la diversidad esconde. tab Edizioni
- Proporcionase unha relación importante de referencias bibliográficas porque o alumnado seleccionará as lecturas en función das temáticas que precisa para os traballos. A docente tamén solicitará a lectura de entre 5 e 7 documentos.





|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <p>- AA.VV. (2010). La respuesta educativa a la diversidad, aquí y ahora. Ediciones da Universidad de Castilla-La Mancha</p> <p>- Araque, N. e Barrio de la Puente, J.L. (2010). Atención a la diversidad y desarrollo de procesos educativos inclusivos. Revista de Ciencias Sociales</p> |
|------------------------------------|--|

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías